

**DECRETO DA ALCALDÍA NÚMERO 137/2010 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN, FOMENTO**  
**Excm. Sra. Dona SONIA MÉNDEZ GARCÍA**, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego.

Lugo, dez de agosto de dous mil dez.

Instruído el expediente relativo a: **RECTIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 126/2010, DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN-FOMENTO, RELATIVO A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A PARTICULARES PARA LEVAR A CABO ACTUACIONES DE REHABILITACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO BARRIO DO SAGRADO CORAZÓN DE LUGO, FASE 3ª. APROBACIÓN DA CONVOCATORIA.**

Visto Decreto da Alcaldía nº 126/2010 de dezanove de xullo, do Libro de Resolucions en materia de Contratación-Fomento, ditadas pola Tenente de Alcalde Delegada da área de Economía e Emprego, que nos anexos I e V faise referencia á lexislación aplicable: “R.D. 801/2005, do 1 de xullo, do Ministerio de Vivenda, e D.18/2006, do 26 de xaneiro, da Comunidade Autónoma de Galicia...”, sendo estes datos erróneos, debendo constar como “LEXISLACIÓN APLICABLE: R.D. 2066/2008, de 12 de decembro, do Ministerio de Vivenda, e D. 402/2009, do 22 de outubro, da Comunidade Autónoma de Galicia...”.

Así mesmo se observa erro no Anexo I (Documentación que se xunta) (compulsada) debido á omisión dos seguintes documentos que tamén haberanse de achegar coa solicitude: “-CERTIFICADO DE EMPADROAMENTO DE TODA A UNIDADE FAMILIAR.

- CERTIFICADO DE INGRESOS DO IRPF DE TODA A UNIDADE FAMILIAR OU CERTIFICADO CORRESPONDENTE DELEGACIÓN OU ADMINISTRACIÓN DE FACENDA DE NON TER OBRIGA DE PRESENTALA.”

No uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.g) da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, delegadas na Tenente de Alcalde de Economía e Emprego, segundo o acordo 1/877 do 18 de outubro de 2004, así como o artigo 105 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do

**CONTRATACIÓN PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/CGG

Ref#: DRECTIFbases\_Sagrado\_Corazon\_fase 3-2010.doc

Asunto:

Procedemento Administrativo Común,, atribucións delegadas pola Alcaldía segundo o seu Decreto número 74/2008, do 15 de xullo, do Libro de Resolucións da Área da Alcaldía, e a normativa específica de aplicación, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Rectifica-lo Decreto da Alcaldía nº 126/2010 de dezanove de xullo, do Libro de Resolucións en materia de Contratación-Fomento, ditadas pola Tenente de Alcalde Delegada da área de Economía e Emprego, que nos anexos I e V faise referencia á lexislación aplicable: “R.D. 801/2005, do 1 de xullo, do Ministerio de Vivenda, e D.18/2006, do 26 de xaneiro, da Comunidade Autónoma de Galicia...”, sendo estes datos erróneos, debendo constar como **“LEXISLACIÓN APLICABLE: R.D. 2066/2008, de 12 de decembro, do Ministerio de Vivenda, e D. 402/2009, do 22 de outubro, da Comunidade Autónoma de Galicia...”**.

Así mesmo rectificar o erro do Anexo I (Documentación que se xunta) (compulsada) debéndose engadir os seguintes documentos que tamén haberanse de achegar coa solicitude: **“-CERTIFICADO DE EMPADROAMENTO DE TODA A UNIDADE FAMILIAR.**

**- CERTIFICADO DE INGRESOS DO IRPF DE TODA A UNIDADE FAMILIAR OU CERTIFICADO CORRESPONDENTE DELEGACIÓN OU ADMINISTRACIÓN DE FACENDA DE NON TER OBRIGA DE PRESENTALA.”**

**SEGUNDO.-** Notificar a presente Resolución ás partes interesadas, debéndose dar traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos, na páxina web do Concello e no Diario Oficial de Galicia.

Cúmprase